

Mergullándonos nas Illas Atlánticas

Caderno de actividades



PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE
DAS ILLAS ATLÁNTICAS
DE GALICIA



Oficina do Parque Nacional:
Edificio CETMAR. Rúa Eduardo Cabello s/n
36208 Bouzas (Vigo)
Tlf: 986 246517 / 986 246550
Fax: 986246553
e-mail: iatlanticas@oapn.mma.es
WEB: www.mma.es/parques



INDICE

- **PRESENTACIÓN**

- **ACHEGÁNDONOS ÁS ILLAS DO PARQUE NACIONAL**

Comecemos polo principio: ¿que é un Parque Nacional?

- **OS VALORES DO PARQUE NACIONAL**

Fondos mariños distintos provocan a aparición de vidas diferentes

A flora resístese ao salitre

Os animais terrestres das illas tamén dependen do mar

Un mar de historia

As xentes das illas: un xeito de vida na busca de solucións ao aillamento

- **ACTIVIDADES PARA DESPÓIS DA VISITA**

Mergúllate no mar das letras

Nos, os piratas das illas

¿Quen é quen e onde vai?

PRESENTACIÓN

Este caderno de actividades pretende complementar o programa de visitas escolares que está a desenvolver o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Este programa ten como fin achegar aos participantes ao coñecemento do Parque Nacional, tanto dos valores naturais, como dos valores histórico-etnográficos das illas, xurdidos da interrelación entre o ser humano e o medio natural.

O coñecemento do medio é o primeiro paso para lograr a sensibilización para a súa conservación.

O caderno didáctico (non pretende ser unha unidade didáctica) estrutúrase en dous apartados claramente diferenciados en contidos e destinatarios:

INFORMACIÓN DO PARQUE NACIONAL PARA O PERSOAL DOCENTE: información básica previa á visita sobre os arquipélagos que conforman o Parque e os valores naturais e histórico-etnográficos deste. Este apartado aporta algúns conceptos clave para a preparación dos aspectos didácticos da visita.

IDEAS DE ACTIVIDADES PARA ALUMNOS/AS, DESPOIS DA VISITA: Son fichas de actividades, cun formato sinxelo de fotocopiar, para facer nas aulas cos alumnos/as, despois da visita. Teñen o obxectivo de servir de recordatorio e afianzar os conceptos aprendidos previamente.



PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE
DAS ILLAS ATLÁNTICAS
DE GALICIA

caderno de actividades

Achegándonos ás illas do Parque Nacional

Información para docentes



Comecemos polo principio: ¿que é un Parque Nacional?


Os Parques son áreas naturais que poseen uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos e científicos polos que a súa conservación merece unha atención preferente.

Para que un espazo poida ser protexido baixo a figura de protección dun Parque Nacional, segundo o Plan Director da Rede de Parques Nacionais, deberá reunir as seguintes características:

- **Representación** do sistema natural ó que pertence: cumios, bosques mediterráneos, litoral atlántico...
- **Extensión adecuada** que permita a súa evolución natural.
- **Continuidade territorial**, salvo excepcións xustificadas, sen enclavados, sen elementos de fragmentación.
- **Asentamentos humanos**, sen núcleos urbanos habitados, salvo excepcións xustificadas.
- **Protección exterior**, con territorios exteriores susceptibles de ser declarados como zona periférica de protección.

Así, un Parque Nacional é un espazo natural de alto valor natural e cultural, pouco alterado pola actividade humana que, en razón dos seus excepcionais valores naturais, do seu carácter representativo, a singularidade da súa flora, da súa fauna ou das súas formacións xeomorfolóxicas, merece a súa conservación cunha atención preferente. Declárase de interese xeral do estado por ser representativo do patrimonio natural dese estado.

No seguinte mapa sitúanse os 16 Parques da Rede de Parques Nacionais españois, co seu nome, ano de declaración e a súa superficie:




Nun Parque Nacional débese compatibilizar a conservación co uso e o disfrute por parte dos cidadáns dos seus valores naturais e culturais

Os Parques Nacionais representan as mellores mostras do Patrimonio Natural do estado español.

Neste cadro aparecen os ecosistemas máis representativos de cada Parque Nacional, que se consideran os mellores expoñentes do estado para cada caso.






| PARQUE NACIONAL | SISTEMAS NATURAIS REPRESENTATIVOS |
|---|---|
| ORDESA E MONTE PERDIDO | Formacións de erosión e rochas de orixe sedimentaria. |
| TEIDE | Procesos volcánicos e vexetación asociada. |
| CALDERA DE TABURIENTE | Procesos volcánicos e vexetación asociada. |
| AIGÜESTORTES | Formacións lacustres, rochas de orixe plutónico e fenómenos de glaciario. |
| DOÑANA | Zonas húmidas con influencia mariña. |
| TABLAS DE DAIMIEL | Zonas húmidas continentais. |
| TIMANFAYA | Procesos volcánicos e vexetación asociada. |
| GARAJONAY | Laurisilva. |
| ARQUIPÉLAGO DE CABRERA | Zonas costeiras e plataforma continental mediterránea. |
| PICOS DE EUROPA | Bosque atlántico. |
| CABAÑEROS | Bosque mediterráneo. |
| SERRA NEVADA | Alta montaña mediterránea. |
| PN MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA | Zonas costeiras e plataforma continental atlántica. |
| MONFRAGÜE | Bosque mediterráneo. |
| SERRA DE GUADARRAMA | Montaña mediterránea |
| SERRA DAS NEVES | Bosques de pinsapo |





PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE
DAS ILLAS ATLÁNTICAS
DE GALICIA

PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA





FICHA TÉCNICA DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

Composto por catro arquipélagos: Cortegada, Sálvora, Ons e Cíes.

Comunidade autónoma
GALICIA

Provincias:
PONTEVEDRA e A CORUÑA

Municipios:
Vigo, Bueu, Vilagarcía de Arousa e Ribeira

Superficie
8.480 hectáreas totais
1.194,8 ha terrestres e 7.285,2 ha mariñas

Data de creación:
1 de Xullo de 2002, mediante a lei 15/2002

Outras figuras de protección:
**Cíes, Ons e Sálvora pertencen a tres Lugares de Importancia Comunitaria (LIC).
Cíes e Ons son Zonas de Especial Protección para as aves (ZEPA)**

Os arquipélagos de Cíes, Ons, Sálvora, Cortegada e o contorno mariño que os rodean forman a contrastada paisaxe verde azulada que caracteriza ao Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Mergullados entre as súas augas consérvanse algúns dos máis representativos exemplos de ecosistemas mariños atlánticos, que atesouran unha grande riqueza biolóxica.

A súa localización, fronte ás Rías Baixas, crea unha barreira natural ante o océano que acentúa o ambiente estuárico das rías. No medio terrestre destacan os sistemas dunares, os cantís e os matogueira de toxo e uceiras. No medio mariño son importantes os bosques de algas pardas (*Saccorhiza polyschides* e *Laminaria spp*) que dan refuxio a unha grande variedade de seres vivos. As correntes mariñas depositan as areas nas zonas máis resgardadas que xunto cos importantes fondos de mäerl (conformados polos restos de algas calcáreas) crean uns medios de substrato móbil ao que se deben adaptar os seres vivos, coma os bivalvos que se enterran para non seren levados polas correntes.

Ao longo da historia o ser humano colonizou as illas por diferentes razóns: situación estratéxica, recursos pesqueiros..., foi esta relación co medio, marcada polo illamento do lugar, o que fixo que xurdira unha etnografía propia.



ARQUIPÉLAGO DE CÍES

Composto polas Illas de Monteagudo, Faro e San Martiño e os illotes de A Agoeira ou Boeiro, Penela dos Viños, Carabelos e Ruzo.

Pertence ao concello de:
VIGO

Superficie:
3.091 Hectáreas,
433 ha terrestres e 2.658 ha mariñas.

Outras figuras de protección:
Parque Natural dende 1980.
Zona de Especial Protección para Aves
(ZEPA)
dende 1988.
Lugar de Importancia Comunitaria (LIC)
"Illas Cíes"



No arquipélago das Cíes faise patente o relevo tan contrastado entre a cara oeste, orientada ao océano, onde os abruptos cantís elévanse máis de 150 metros, e a cara leste, que se suaviza coas súas praias que miran á ría de Vigo. Destaca, pola súa importancia xeomorfolóxica e biolóxica, o complexo formado pola barreira da praia de Rodas, que actúa de ponte natural entre as illas Monteagudo e Faro, e o Lago onde un fráxil prado subacuático de zeba (planta acuática con flor) serve de refuxio de cría a peixes e outros animais acuáticos. Antigamente poboadas, as Cíes ofrecen unha boa mostra de patrimonio cultural, dende a época dos castros ata os mosteiros e os poboados máis actuais. A illa de San Martiño, que mantén as ruínas da súa fábrica de salgadura e dunha impenetrable matogueira. O illote Boeiro, ao igual que nos cantís do arquipélago, é un excelente refuxio de cría para as aves mariñas.



ARQUIPÉLAGO DE ONS

Composto polas Illas de Ons, Onza e o illote de As Freitosas.

Pertence ao concello de BUEU

Superficie:
2.641 Hectareas,
470 ha terrestres e 2.171 ha marítimas.

Outras figuras de protección:
Zona de Especial Protección '97n para as Aves (ZEPA) desde 2001.
Incluído no Lugar de Importancia Comunitaria "LIC Complexo Ons-O Grove".



A illa de Ons, fronte á ría de Pontevedra, de contorno alongado e de relevo sen demasiados altibaixos, presenta unha costa ao poñente con cantís de suaves caídas e, cara o oriente, unha costa de zonas rochosas de baixa altura e salpicada de areas e dunas de Melide. A illa de Onza, de forma redondeada e de contorno maioritariamente rochoso, non mantivo ningún núcleo de poboación, a diferenza de Ons. Así Ons, aínda poboada, ofrece ao visitante as características dun pequeno núcleo rural costeiro, onde os hórreos aínda conservan as escasas colleitas que actualmente se cultivan e onde as lendas aínda seguen vivas. No máis alto, o faro domina a paisaxe, sendo o seu normal funcionamento vixiado polos fareiros que residen nas súas dependencias.



ARQUIPÉLAGO DE SÁLVORA

Composto pola illa de Sálvora e illotes coma Vionta, Con de Noro, Herbosa, Rúa, Insuabela, Gaboteira, As Sagres e as Forcadiñas

Pertence ao concello de:
RIBEIRA

Superficie:
2.557 hectáreas,
248 ha terrestres e 2.309 ha marítimas.

Outras figuras de protección:
Incluído no LIC "Complexo Húmido de
Corrubedo".

A súa Superficie mariña está incluída na ZEPA
Rías Baixas



Os innumerables illotes que forman o arquipélago de Sálvora denotan o relevo tan irregular dos seus fondos, que contrastan coa paisaxe relativamente chá da illa de Sálvora. Esta barreira de illas e illotes pecha a entrada da ría de Arousa. Praias de area e bolos, separadas por zonas rochosas de suave relevo, dominan o litoral. Cara o norte da illa hai un pobo abandonado, pero coas casas e alboios aínda en pé, onde se atopan aparellos e obxectos da vida cotiá dos seus antigos habitantes. O faro, noutro dos vértices da illa, mantén a súa importante actividade de guía grazas ao traballo desempeñado por tres dos derradeiros fareiros que aínda persisten*. Flanqueando á illa hai pequenos illotes coma o rochoso Con de Noro ou a areosa Vionta. Ao norte e máis preto da costa sobresaen as pequenas illas de Sagres.

(*) Automatizado 2017. Actualmente sen fareiros/as




ARQUIPÉLAGO DE CORTEGADA


Composto pola illa de Cortegada, Malveira Grande e Chica, Briñas e illote do Con.

Pertence ao concello de:
VILAGARCÍA DE AROUSA

Superficie:
191 hectareas,
43,8 ha terrestres e 147,2 ha mariñas



Este conxunto de illas e illotes, de relevo moi chan, sitúase no interior da ría de Arousa, na desembocadura do río Ulla, polo que o seu carácter estuárico mantena totalmente diferenciada das illas oceánicas do Parque. Esta situación, máis protexida da erosión mariña, fai que os seus fondos se cubran de areas, amplamente aproveitadas polos habitantes do contorno para o cultivo de ameixas. No interior da illa de Cortegada mantense unha húmida formación boscosa de loureiros e outras árbores que rodean ao pobo abandonado e á súa ermida. Na illa Malveira Grande consérvase en óptimas condicións un dos escasos bosques de cerquiños da costa atlántica.



PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE
DAS ILLAS ATLÁNTICAS
DE GALICIA

caderno de actividades

Os valores do Parque Nacional

Información para docentes



Fondos mariños distintos provocan a aparición de vidas diferentes




As costas das illas, a excepción de Cortegada, pódense considerar expostas, aínda que a vertente Oeste (a que mira cara ao océano) soporta máis os embates das olas. A vertente leste, que mira cara ás rías, ten un grado de exposición menor.

Estas diferencias no grao de exposición ás correntes mariñas crean distintos escenarios:

Nos bosques submarinos de algas laminariais as ondas perden forza. Son refuxios para a vida.

TIPOS DE FONDOS MARIÑOS

| Fondos de rocha | Fondos de area | Fondos de mäerl | Fondos de cascallos |
|--|---|--|--|
| Onde as correntes e a forza do mar é moi forte deixan á rocha ao descuberto. | Onde o mar atopa lugares de repouso, sedimenta areas, creando fondos de area e praias na costa. | Onde restos de algas calcáreas do xénero Lithotamnion se acumulan formando capas. Só nas capas superiores están vivas. | Onde se acumulan grandes cachos de cunchas de bivalvos e de caracois |



| Substrato inmóvil. | Substratos que se moven coas correntes e ondas | | |
|---|---|---|---|
| Algas e animais soportan os golpes das ondas ancorándose ás rochas (mexillóns, percebes,...) meténdose nas gretas (caramuxos...) ou no amparo das altas algas laminariais (cangrexos, ourizos,...). | As algas non poden suxeitarse. Os bivalvos entérranse para non seren arrastrados. Aquí camúflanse os peixes planos. | As súas complexas formas crean un enramado onde se agochan larvas e pequenos animais. | Moitos bivalvos de superficie escóndense entre as cunchas: vieiras, zamburiñas,... polo que non son raras as visitas do polbo para alimentarse. |



A flora resístese ao salitre


A vida nas illas vai estar condicionada polos fortes ventos cargados de salitre, e pola escaseza de solo. As plantas deben adaptarse a iso.

As matogueiras de toxo debuxan a paisaxe das illas, proporcionando á fauna un refuxio entre os seus pinchos. Poucas árbores resisten os ventos do atlántico e só nos vales máis protexidos e húmidos pódense ver os antigos bosques de cerquiños, agochados entre os eucaliptos, piñeiros e acacias introducidos polo ser humano. Cortegada, nunha posición máis protexida e frondosa, conserva formacións de loureiros, salgueiros e cerquiños.

Os cantís e as dunas son dous dos ecosistemas máis característicos deste Parque, e ambos están cubertos dunha vexetación moi adaptada e especializada:

Cantís

- Formación costeira inclinada e abrupta.
- Aféctalle a erosión mariña e o salitre.
- As furnas son covas no cantil formadas pola erosión de gretas nas rochas.
- As plantas deben adaptarse a solos esqueléticos, fortes ventos e ás salpicaduras das olas.



O perexil de mar acumula auga nas súas follas para resistir un solo rochoso que case non garda a humidade.



A herba de namorar forma unha mata compacta e redondeada, pegada ao chan para resistir os ventos.

Dunas

- Son depósitos eólicos de area na parte alta da praia.
- É un ecosistema cambiante: os ventos e as correntes influen na súa dinámica.
 - As plantas adaptanse ao vento, ao salitre, á sequidade do solo e aos golpes da area.



O tomelo de praia ten follas pequenas para reducir a evaporación de auga.



O cardo de ribeira recubre as follas con cera, endurecéndose fronte aos golpes das areas.



A algodoneira cóbrese pon peliños de cor branca para reflectir a luz e a calor.

Tres das plantas máis peculiares do Parque pola súa rareza, son:



Camariña (*Corema álbum*)



Xesta de Ons (*Cytisus insularis*)



Linaria arenaria



Os animais terrestres das illas tamén dependen do mar

O illamento do continente e as condicións microclimáticas de cada arquipélago fan que a fauna terrestre das Illas Atlánticas constitúa un patrimonio natural único.

Á marxe dos invertebrados, que están pendentes de futuros traballos de investigación, a maior parte da fauna vertebrada terrestre do Parque pertence ao grupo das aves, sendo máis escaso o número de especies de anfibios, réptiles e mamíferos



Lagarto arnal
(*Timon lepidus*)

A erosión e o mar fai que a cobertura vexetal das illas sexa escaso, deixando moita pedra exposta aos sol. É doado ver a este lagarto quentándose nas rochas. É o máis grande de Europa (18 cm sen contar a cola).



Zerynthia rumina

A súa eiruga aliméntase da planta *Aristolochia paucinervis*, abundante nas suaves ladeiras que miran ao mar. É de difícil observación pola súa escaseza.



Gaivota adulta

Gaivota patiamarela (*Larus michahellis*)

4
A parella alimenta aos polos durante un período aproximado de 3 meses, so namentres aprende a buscar alimento e voar.

3
Eclosión dos ovos



1
Comezan a formarse as parellas reproductoras e a escoller unha rocha no cantil onde facer o niño.

2
Posta de 1 a 3 ovos



Polos

Pasados tres a cinco anos chegarán a ser adultos reproductores, momento no cal cambian a súa plumaxe polas características cores branca e gris, e o peteiro e as patas vólvense amarelos.

Corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*)

Denominado así pola crista de plumas que mostran na cabeza en época reproductora. Cor negra e corpo estilizado que lle permite perseguir aos peixes dos que se alimenta. É frecuente velos coas ás estiradas ao sol para secalas e así poder emprender o voo.

As illas concentran a maior parte das parellas reproductoras cántabro-atlánticas. Teñen un período de cría máis variable que o da gaivota. Fan os niños refuxiados nas gretas das rochas máis baixas do cantil. Os xuvenís teñen plumaxe parda con tons claros no peito.





Un mar de historia

Cultura castrexa e romanización Do 1800 a.C ata s.V d.C.

Os pobos precristiáns pasaron polas illas e se asentaron nos castros que logo ocuparían os romanos. Os "concheiros", versións antigas dos nosos vertedeiros, revelan o que comían (principalmente marisco e pescado), e o uso de louza de cerámica.

En Cíes existe o Castro das Hortas, na ladeira do monte do Faro.
En Ons, na zona de Canexol, atópase soterrado o Castro dos Mouros



Castro das Hortas

Idade Media Do s.V ata o s.XIV

As illas foron doadas polos reis Alfonso II e III á igrexa. A poboación illan vivía en réxime feudal ao mando dos monxes que alí se instalaron.

As illas recibiron a visita de piratas, que utilizaron as illas coma base para atacar a costa. Os máis destacados foron os suevos e os vikingos. Os monxes avisaban á costa da presenza destas flotas con columnas de fume realizadas nos "fachos".



Sarcófago da Laxe do Crego. Ons

Idade Moderna Do sXV ata o s. XVIII

A chegada de buques procedentes da América provoca os ataques dos corsarios, entre os que destacan os ingleses. O mar encheuse de pillaxe e provocou o abandono das illas.

S. XIX- sXXI

Comezouse a fortificar as illas para protexelas dos ataques dos corsarios. A nova calma propicia a instalación de fábricas de salgadura e secado de peixe e volven poboarse as illas. O traslado das fábricas á costa das rías nos anos 20 foi o motivo dun novo despoboamento.



Cuartel de carabineros en Cíes



Pazo do Almacén, en Sálvora. Antiga fábrica de salga.

Nos anos 50 nace o interese turístico no Parque. As actuacións neste tempo danaron algúns valores naturais, mais os estudos científicos dos anos 80-90 reflectiron unha riqueza tal que poñen de manifesto a necesidade da súa protección.

A declaración do Parque Nacional no 2002 supón a conservación dos valores das illas. A sensibilización dos visitantes no respecto a este entorno é un requisito principal para esta protección.





As xentes das illas: un xeito de vida na busca de solucións ao aillamento

Os catro arquipélagos do Parque mantiveron unha poboación estable na historia recente, aínda que actualmente so haia residentes en Ons, que mantén aínda un ambiente de vila costeira. Vivir nunha illa implica unha serie de dificultades e falla de servizos como a educación, a sanitaria, muiños para obter fariña, electricidade... Unha sociedade unida, onde a axuda ao veciño non se cuestionaba, era a principal defensa dos illáns fronte as dificultades da vida nas illas. A falla de medicinas suplíase con remedios baseados nas plantas. O faro convertíase en moitos casos en colexio ou en enfermería. A agricultura era escasa e o mar a verdadeira despensa e fonte de riqueza da poboación.

A agricultura e gandería de subsistencia nas illas.

Patacas, millo, berzas... galiñas, coellos, ovellas, porcos...; de todo un pouco para a mesa. Hoxe só quedan uns poucos cultivos e animais domésticos en Ons.

Os muiños de vento suplían, nalgúns casos, a falla muiños hidráulicos debido á escaseza de regatos permanentes.



Cultivos en Ons

A pesca foi a principal actividade dos illáns.


A explotación dos recursos pesqueiros fíxose nas illas dende sempre, pois era a maior fonte de alimento e de riqueza.

Chegaron a instalarse fábricas de salgadura e secado de peixe e polbo nas illas. As xentes de Ons foron expertos na captura de polbo e no manexo da "dorna", unha embarcación tradicional que aínda se pode ver na illa.


Hoxe en día, a grande riqueza das augas do parque en peixe e marisco explótase de maneira artesanal para facela compatible coa súa conservación. Entre estas técnicas de pesca permitidas temos: o trasmallo, a liña, as nasas, as poteras...



Nasa



Potera




Trasmallo



Unha arquitectura popular adaptada ás condicións naturais.

As casas construíanse no lado este das illas para protexelas do vento húmido do mar aberto.

As casas dos últimos habitantes tamén eran de pedra pero máis divididas no interior. Por fora sitúanse os cortellos para os animais, e os horreos para a colleita.



Hórreo de Ons



O mestre de Ons tiña casa e escola pero nas outras illas eran os fareiros os que ensinaban aos rapaces no propio faro. Estes fareiros, hoxe dos últimos que quedan, foron testemuñas de moitos naufraxios e varamentos.

Faro de Sálvora

Os primeiros curas viviron nos mosteiros, pero xa na última época era raro a súa presenza na illa. Igrexas e ermidas para o oficio da misa están aínda presentes.

O exército ou os carabineiros, ergueron e ocuparon cuarteis nas illas para defendelas.



Mosteiro nas Cíes



Ermida de Ons

Lendas e segredos

A vida na illa era dura, sempre na busca de remedios á falta de servizos.

- Usábanse *plantas medicinais* para doenzas de homes e animais. Un coñecemento de medicina tradicional que se transmitía entre xeracións. Empregábase cicuta, malva, sabugueiro, plumas... e ritos para asegurar o bo efecto das plantas aplicadas.

- Os extraños sons do mar e a soidade da illa fixo voar a imaxinación, creando lendas e contos propios.

Todas as noites de treboada un **Barco pirata pantasma** vese afundir en Punta Cabalo de Cíes.

Un **Touro de cornos de ouro** protexe o Buraco do Inferno de Ons, xa que se cre que é a entrada ao mundo dos mortos.

- As necesidades nas illas obrigaba a axudarxe uns aos outros e nas festas e celebracións a alegría tamén era cousa de todos.



Festa de San Xaquín en Ons



PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE
DAS ILLAS ATLÁNTICAS
DE GALICIA

caderno de actividades

Actividades para despóis da visita

Actividades para os alumnos





¡¡Mergúllate no mar das letras!!

Cesáreo é un dos mellores mariñeiros das illas. ¿Queres ir de pesca con el neste mar de letras?


Axudarache poñer debaixo de cada debuxo o seu nome (en cada raía pon unha letra).










| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C | O | R | F | T | A | C | E | H | U | D | O | T | B | A | Z | O | F | I | H |
| N | O | G | D | F | A | E | E | L | O | P | A | I | F | R | I | O | D | S | E |
| A | F | D | E | R | T | U | M | N | O | S | H | I | R | A | N | M | L | S | F |
| V | E | G | A | I | V | O | T | A | P | A | T | I | A | M | A | R | E | L | A |
| R | T | O | S | T | R | F | S | V | B | U | E | O | A | L | M | T | E | O | R |
| T | F | G | E | T | S | E | U | N | B | A | D | E | A | A | D | R | T | U | O |
| I | E | F | R | C | V | I | N | L | A | R | C | N | I | A | N | B | E | T | M |
| D | E | S | F | R | B | Z | R | I | S | T | R | E | D | L | B | A | L | V | A |
| F | O | B | I | E | L | Ñ | O | C | D | A | A | G | R | O | T | S | U | I | N |
| O | Ñ | C | E | V | E | M | S | T | O | I | A | X | G | J | R | E | V | E | E |
| R | T | E | U | Q | T | W | E | T | U | Ñ | A | R | S | E | E | N | E | M | K |
| U | S | T | E | F | E | K | R | I | B | V | I | U | L | E | H | S | A | R | A |
| E | S | P | U | L | G | A | D | E | M | A | R | R | O | G | A | B | E | A | B |
| H | T | B | O | S | G | C | X | E | H | E | U | B | A | D | E | P | E | V | R |
| E | B | A | G | A | D | E | B | N | M | P | T | R | O | M | E | C | T | I | I |
| S | T | O | L | G | A | C | R | T | G | E | N | D | M | E | O | B | F | E | H |
| A | C | G | O | X | B | E | B | A | L | G | A | F | T | O | S | V | R | C | A |
| S | X | F | G | D | J | N | B | E | R | T | A | V | D | E | G | A | R | V | I |
| F | G | H | E | E | O | R | T | A | S | R | O | P | I | T | D | E | B | O | T |
| G | A | B | I | T | R | E | F | T | H | B | A | E | P | O | N | M | E | R | C |













PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE
DAS ILLAS ATLÁNTICAS
DE GALICIA



Ao conto fáltanlle algunhas palabras. Recorta estes debuxos e completa a historia dos piratas pegándoas no seu sitio correspondente. Tamén podes colorealas.

Nós, os piratas das illas

Chámome Noa e os meus mellores amigos chámanse Bruno e Lucas. Os tres vivimos nunha illa que está no océano atlántico á beira de Galicia. Nós chamámoslle á illa "Tesoura" porque alí descubrimos moitas cousas e pasámolo moi ben e, aínda que xa non estamos alá, acordamos aquela época coma un tesouro.

Bruno vivía ao outro lado da illa e Lucas no medio así que pola mañá, despois de almorzar, quedabamos na casa de Lucas para subir a escola. A nosa escola estaba no _____, tiña patio para xogar pero o mestre, o fareiro, ensinábanos os paxaros e as plantas da illa e saíamos a buscalos polos camiños. Nos cantís atopábamnos sempre ás gaivotas e aos simpáticos _____, tan negros e punkis. Logo marchabamos para casa a comer pero polo camiño, os demais veciño da illa, íannos dando algunha lambetada. Ás veces quedabamos a comer en casa de Lucas, entón baixabamos á _____ para facer tempo e mirar como os _____ pescaban alí.

Na casa de Lucas case sempre había _____, ese animal que parece de goma e ten oito patas, porque o pai



era experto en apañalo. El ensinounos unhas caixas para capturalo que se chaman _____ e nós mirabamos aos mariñeiros usalas.

Pola tarde saíamos xogar e na nosa cova segreda xuntabámonos con outros rapaces. Era un _____ que xa non se usaba para gardar o millo. Alí faciamos mapas da illa e sinalabamos onde estaban as cousas que máis nos gustaban, era o noso mapa do tesouro.

Os "salgados" eran dous irmáns que chamabamos así porque vivían na antiga _____ de salgadura da illa. A súa avoa, era a curandeirado noso barrio e ensinábanos as plantas e as cousas que utilizaba nas _____ para os males da xente ou dos animais.

No verán viña moita xente da costa, primos e amigos. Había moita festa na illa e celebrabamos o patrón cunha romaría que saía da _____, co cura de primeiro, e rematabamos no peirao. Nós presumiamos, cos nenos que viñan de visita, de ser os piratas da illa porque entrabamos en tódalas casas e tiñamos o mapa do tesouro.

¿Quen é quen e onde vai?

Andan todos perdidos e non saben o seu nome. Así que nos van dicir cousas sobre eles e nós debemos identificarlos.



horreo

1. *Atoparasme en case tódolos sitios da illa e, cando pases moí preto de mín, pode que pinches coas miñas follas.*

2. *Estiven en tódolos sitios desta illa, ten de todo para ver.*



herba de namorar



polbo

3. *Estou sempre entre as rochas. As miñas follas forman unha almofada redondiña e as miñas flores son rosas*

4. *Nos vivimos do mar collendo, sempre que se poida, os peixes e os mariscos que ti comes.*



herbas
medicinais



gradicela

5. *Vivo nos fondos do mar. Baixo os meus brazos teño moitos pés, mais son algo lenta.*

6. *Eu vivo baixo a auga, teño oito patas cheas de ventosas e podo nadar moí rápido.*



turista



toxo

7. *No monte medramos e para casa da curandeira marchamos. Ela sabe facer con nós remedios para todos vós.*



8. *Son coma unha pequena habitación porque teño porta, e coma un enorme caixón porque gardo produtos da horta. Ao carón da casa, con tellado e pes, seguro que me ves.*



barco de
mariñeiros




*Agora que xa sabes que son podes recortalos e colocalos
no sitio da illa que lle corresponde.*



bosque



dunas e praias




cantís e o mar



fondos mariños



Solucións das actividades:

¡¡Mergúllate no mar das letras!!



¿Quen é quen e onde van?

1. toxo
2. turista
3. herba de namorar
4. barcos de mariñeiro
5. gradicela
6. polbo
7. herbas medicinais
8. horreo





PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE
DAS ILLAS ATLÁNTICAS
DE GALICIA

Notas: